## EXERCICIOS DE APOIO

1. É moi frecuente que nun estado haxa varias linguas?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1 dos documentos descargables.

2. Dúas linguas compartindo espazo conviven sempre pacificamente?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 2 dos documentos descargables.

3. Danse entre os galegos estereotipos e prexuízos lingüísticos?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 3 dos documentos descargables.

4. Os primeiros intentos de normativización, producíronse no Rexurdimento?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 4 dos documentos descargables.

5. Son as interferencias e as desviacións da norma o resultado da influencia do castelán no galego?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 5 dos documentos descargables.

6. Depende a minorizacion dunha lingua do número de falantes?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 6 dos documentos descargables.

7. O proceso de normalización depende da conciencia individual dos galegos?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 7 dos documentos descargables.

**Solucións:**

1. Si. Basta con comprobar o número de estados que hai e o número de linguas, unha sinxela división daríanos a, case, 20 linguas por estado. A verdade é que moi poucos estados son monolingües (Portugal, Islandia, Albania,…), o cal quere dicir que en moitos estados (Francia, España,…) conviven dúas ou máis linguas e esa convivencia non adoita ser harmónica ou pacífica.

2. Non, como podes ver ao consultar o apartado 2 dos documentos descargables.

3. Si. Pois durante moito tempo en Galicia, sobre todo no rural, os rapaces ían á escola falando galego e atopábanse con que a mestra e os libros utilizaban o castelán, polo que moitos galegos, durante moito tempo, pensaron que o castelán era unha lingua máis importante que o galego.

4. Si. A razón é que o galego perdera o primeiro gran momento de normativizarse; o Renacemento, pois, despois dun período de normalización como fora o medieval (lírica galego-portuguesa e prosa medieval), caera en desuso, a escola lírica galego-portuguesa deixara paso no século XV a unha escola lírica castelá e o galego reducira o seu uso ao ámbito familiar e ruralizárase. Polo tanto o momento aproveitado polas linguas romances para elaborar as súas gramáticas e dicionarios foi un momento perdido polo idioma galego para normativizarse. Perdido este tren haberá que agardar ata o Rexurdimento para poder ver novos intentos de normativización. Neste momento foi o interese romántico polo autóctono o que explica a aparición dos primeiros intentos normativizadores.

5. Si. Pódese dicir que si porque as interferencias do castelán no galego débense a tantos anos de convivencia nun mesmo territorio, e dúas linguas, cando entran en contacto, inflúense mutuamente. E as desviacións da norma tamén se pode dicir que son o resultado da influencia do castelán que motiva aos puristas para poñerse á defensiva, e, nese afán de diferenciar, adoptan medidas e solucións que, moitas veces, non son normativas.

6. Non, como podes ver ao consultar o apartado correspondente. Se respondiches “Si”, erraches a resposta e non hai nada que explicar.

7. Si, pois o galego só pode ter normalizado o seu uso cando todos e cada un dos galegos considere que en calquera circunstancia e situación debe ou pode utilizar o galego, por ser unha lingua igual de válida que calquera outra para a expresión de calquera tipo de idea, pensamento ou información. Polo tanto a comunicación en galego será para ese falante algo normal.